



Marzo 2007

Periódico labrego de información
técnica e sindical

Número de rexistro: 980635

T Á B O A

■ **Galiza**

**Apertura do diálogo en
avicultura e vacún de carne**

Durante o mes de febreiro habíanse celebrar mesas de diálogo en dous novos sectores cárnicos: avicultura e vacún. Polo de agora, estes encontros entre os diversos axentes de cada sector serviron para unha primeira toma de contacto, sen que se chegase a tomar ningún acordo de relevancia en ningún deles. **Páx. 5**

■ **Aldea Global**

**O SLG contra os agrocarburos
no Comité Consultivo da UE**

O pasado 9 de febreiro, Xosé Ramón Cendán participou no Comité Consultivo da Unión Europea sobre agrocarburos. Fíxoo en calidade de membro da Executiva CPE, e defendeu unha postura moi crítica coa tentativa da Comisión de impoñer este novo tipo de agricultura. **Páx. 8**

■ **Agroecoloxía**

**Unha cooperativa resucita a
aldea de Eira de Mouros**

Cinco mozos de Ribadavia veñen de comezar a facer realidade un ambicioso proxecto longamente xestado: a recuperación da aldea de Eira de Mouros, que hoxe só é un conxunto de nove casas derriúdas e abandonadas coas leiras e viñedos de antano a ermo. **Páx. 12**



Rúa Touro nº 21, 2º

Santiago de Compostela

Tlf. 981 554147 ; Fax 981 572570

e-mail: prensa@sindicatolabrego.com

www.sindicatolabrego.com

O Sindicato Labrego pide unha axuda directa para as pequenas explotacións

■ A organización agraria fixo pública esta demanda no transcurso do seminario "Pequenas explotacións: unha aposta polo futuro", celebrado en Compostela do 15 ao 16 de febreiro.

■ As pequenas explotacións supoñen o 79% do total das que hai no noso país, e son as únicas que garanten a supervivencia dun mundo rural vivo, habitado e dinámico. **Páxs. 2, 3 e 4**



A Dirección de Horta, Froita e Flor do Sindicato Labrego comeza a súa andaina

Tralo Congreso de Hortofruticultura e Flor do Sindicato Labrego Galego, celebrado en Betanzos o pasado 25 de febreiro, a organización agraria dótase dun novo órgano para estruturar estes sectores no seu seo. Pura Seoane Albela foi elixida respon-

sábel dunha directiva que integra a máis de trinta membros procedentes de comarcas como Salnés, Baixo Miño, O Ribeiro, Ourense, Deza-Tabeirós, A Mariña, Ordes, Bergantiños, Ferrolterra, Compostela ou As Mariñas. **Páxs. 6, 7 e 16**



Isabel Vilalba no Foro Mundial de Soberanía Alimentaria Nyéléni 2007

A responsábel da Secretaría das Mulleres do SLG, Isabel Vilalba, estivo en Mali (África), entre os días 23 e 27 de febreiro, no Foro Mundial de Soberanía Alimentaria Nyéléni 2007. A nosa compañeira foi invitada a par-

ticipar pola Marcha Mundial das Mulleres, e formou parte do medio milleiro persoas de 86 países que sentaron as bases da loita global polo dereito de labreg@s e pescadores/as a alimentar aos seus pobos. **Páxs. 9 e 13**

O SLG apoia ás explotacións afectadas polas minas de cuarzo da Terra Chá

O Sindicato Labrego apoiou a oposición contra as concesións mineiras de cuarzo na Terra Chá, promovidas por Erimsa. Estas concesións, que afectan a case 5.700 hectáreas en oito concellos, supón hipotecar o futuro de cen-

tos de explotacións agrogandeiras nunha das zonas agrarias máis importantes e dinámicas de Galiza. Ademais, o SLG entrevistouse co delegado de Medio Rural, Emilio López, para pedirlle apoio para esta loita. **Páx. 5**



Edita:

Edicións Fouce

Departamento de Publicacións de
Servicios Agrarios e Contables S.L.
CIF: B - 27165646

Coordinación:

Xosé García

Colaboracións: Ero Sánchez
Rozas, Ramón Barreiro,
Mariam Ferreira, Xosé Manuel
González Vilas, Lidia Senra,
Margarida Prieto e Xoán
Monasterio.

Deseño e maquetación:

Xosé García

Sede da redacción:

Rúa Touro nº 21, 2º

Santiago de Compostela

Tlf: 981 580449

Fax: 981 572570

Depósito Legal: C-749/88

**SINDICATO
LABREGO
GALEGO**
COMISIÓN
LABREGAS

LOCAIS

SANTIAGO DE COMPOSTELA
Rúa Touro nº 21, 1º. Tlf. 981 588532
MELIDE - Praza do Convento nº2
ARZÚA - Rúa Padre Pardo nº24, 1º D
Tlfno. 981 508 177
MUXÍA - Antiga autoescola Quintás
CARBALLO
Rúa Río Sil nº 52, Baixo. 981 703169
MAZARICOS - Bar Jurjo
SANTA COMBA
Rúa Pontevedra, Tlf/Fax. 981 880909
ORDES - Rúa Xeneralísimo nº 38, 1º
Tlf. 981 682908
PONTE CARREIRA - Bar O Taxista
BETANZOS
Praza da Constitución nº 4, 1º.
Tlf: 981 773377
SARRIA
Rúa Nova 60, entrechán. 939 274186
CURTIS
Av. do Xeneralísimo nº 64. 981 786654
SAN SADURNIÑO - 981 490430
Lugar de Outeiro s/n
AS PONTES - Rúa Balsa nº 28
O BARCO - Casa sindical
Tel. 988 321511 / Fax: 988326723
CELANOVA - Rúa Areal nº6, baixo.
Teléfono: 630 970 131
O CARBALLIÑO, Casa sindical
Teléfono: 630 970 131
VERÍN
Travesía de Sousas nº 20, Galerías
Maga Tlf. 988 590438; Fax 988 590439
RIBADAVIA
CIG Casa Sindical. Tlf. 988477230
Fax. 988477230
XINZO
Casa Sindical Tlf. 988 462547
TRIVES - CIG Casa Sindical
Teléfono 699 924 634
LUGO
Miguel de Cervantes nº47, ent.
Tlf. 982 231154
MONFORTE
Local da CIG en AISS. Tlf. 982 403005
CHANTADA
Praza do Concello, baixos AISS
Tlf/Fax: 982 462103
ESCAIRÓN - Local da Cámara Agraria
RIBADEO - Av. de Galiza nº20, 3º. AISS
Tlf/Fax. 982 130615
LOURENZÁ
Av. da Mariña nº11, 1º. Tlf. 982 121376
VILALBA - Cidade de Viveiro 1 ent. A.
Tlf.982 512431
A ESTRADA - Capitán Bernal nº10, 1º
Tlf/Fax 986 573232
MEIRA - Xeneralísimo 47-49. Edif. Miño
Entrechán E. Tlf/Fax: 982 331714
LALÍN -
Arenal nº1, 1º andar. Tlf. 986 782191
SILLEDA - Avenida do Parque, 32
Centro comercial O Parque, oficina 12
986 580526
TEIXEIRO - Rúa Martínez Pardo nº13,
1º esq / Tlfno. 981 789 781
PONTEAREAS
R/ Dario Bugallal nº15, 1º. 986 641508
Martes a xoves, de 10.00 a 13.00
O ROSAL - Rúa Ramón Franco, Edif.
Rosales. Tlf. 986 625 394
O SALNÉS
Av. Bouza Matín nº 9, 1º. Barrantes,
Ribadumia. Tlf. 986 718 526
VIANA DO BOLO Antigo centro de
saúde. Tlfno. 629 621 047

O SLG pedirá axudas directas para as pequenas explotacións

O obxectivo é garantir a súa viabilidade e permanencia a pesares de estar marxinadas polas primas da PAC

O Sindicato Labrego finalizou o seminario "Pequenas explotacións: unha aposta polo futuro", celebrado en Compostela entre o 15 e o 16 de febreiro, cunha boa mancha de propostas que facerlle ás administracións para

que garantan a permanencia e viabilidade das explotacións agrarias de menor escala, fundamentais para manter un medio rural vivo, habitado e dinámico. Lidia Senra adiantounas no transcurso dunha rolda de prensa.

Senra salientou a grande importancia das pequenas explotacións, que supoñen o 80% das que hai en Galiza, dende un punto de vista económico, social, medioambiental, e de seguridade e soberanía alimentarias; e advertiu que "se seguen a desaparecer, o medio rural desertizarase e destruíranse postos de traballo relacionados directa e indirectamente coa actividade agraria".

Para evitar iso, a secretaria xeral do SLG expuxo unha batería de propostas que, en breve, a organización sindical fará chegar a todas as administracións. A primeira delas será demandar a creación dunha axuda directa dirixida ás pequenas explotacións, que hoxe en día "ás penas teñen acceso ás primas da Política Agraria Común (PAC) e, se o teñen, é de xeito residual". Tamén en relación ás subvencións públicas, o Sindicato Labrego pedirá que se modifiquen



Un cento de persoas viñeron a Compostela para seguir o seminario sobre pequenas explotacións

as condicións que se lle esixen a unha persoa para acceder aos apoios públicos aos plans de mellora ou para instalarse nunha explotación, que, nestes intre, esi-

xen chegar a un determinado nivel económico.

Outro apoio que incidiría directamente na renda destas explotacións sería a modificación da cantidade a

cotizar á Seguridade Social, pois non debería "pagar o mesmo quen traballa nunha pequena explotación ca quen traballa nunha granxa con ingresos máis grandes".

Máis mercados locais e menos trabas burocráticas

As propostas do Sindicato Labrego tamén irán no sentido de eliminar a mancha de trabas con que se atopa hoxe en día unha explotación para desenvolver a súa actividade, moitas veces disfrazadas de normativa hixiénico sanitaria, ou de restricións no acceso a mercados locais, e que están a impedir que unha familia poida manter unha horta, ou obter complementos á súa renda a través da venda de polos, produtos da matanza domiciliar, carnes en xeral, etcétera. Neste senso, o SLG demandará as administracións boten man de todas as excepcións que existen hoxe para poder cumprir esta demanda. Un bo exemplo disto é que as explotacións avícolas con menos de cincuenta galiñas

e que venden en mercados locais están amparadas, actualmente, por unha normativa europea que lles exige de cumprir obrigas como as de numerar os ovos. Por iso, o Sindicato Labrego vai demandar das administracións que exploren todas as vías legais de excepcionalidade que existen hoxe en día de cara a facilitar a actividade das pequenas explotacións, e que as apliquen de maneira inmediata.

Outro pilar fundamental nas reivindicacións do Sindicato Labrego será o desenvolvemento de circuitos curtos de comercialización, de maneira que os produtos das pequenas explotacións se poidan vender de maneira directa á xente, ou no mercado galego cun só elo polo medio. Incidindo



As intervencións dos expertos deron unha sólida base teórica para alicerzar os debates que se farían posteriormente

neste último, tamén se traballará para ampliar e reforzar as alianzas entre as pequenas explotacións, consumidores e consumidoras, e pequeno comercio local. Neste senso, Senra afirmou que "imos dar a batalla para

que as administracións locais fagan as actuacións necesarias para dignificar os locais de venda directa, e para permitir o acceso das pequenas explotacións a vender nas prazas de abastos e mercados locais".

As alternativas do poder para a pequena explotación: medrar ou desaparecer

A agricultura a pequena escala é un filón de riqueza que os poderes públicos e económicos ignoran

Se hai algo que ficou claro no seminario é que as pequenas explotacións son rendíbeis economicamente e necesarias para manter o medio rural vivo. A secretaria xeral do Sindicato

Labrego, Lidia Senra, denunciou na inauguración que, a pesares de seren maioría, ás pequenas explotacións só lles deixan dúas alternativas: medrar ou desaparecer. Fronte a isto, Senra

indicou que un dos obxectivos do seminario era "gañar en autoestima nós, @s titulares das pequenas explotacións, que case interiorizamos que o noso traballo non vale nada".

14.000 hectáreas de horta familiar que dan 121 millóns de euros

As tendencias políticas e económicas denunciadas por Lidia Senra atoparían un apoio teórico nas intervencións previstas pola mañá. A primeira, do catedrático da Escola Universitaria de Enxeñaría Agroforestal, Xoán Carlos Carreira, salientou que a escasa rendibilidade das pequenas explotacións se debe a que non se contabilizan a totalidade dos beneficios que estas producen, como o autoconsumo.

Neste senso, en Galiza hai 14.000 hectáreas de hortas familiares dedicadas a producir para consumo propio, o cal, aplicándolle os prezos de venda en orixe de hoxe en día, bastante baixos, dá 121 millóns de euros, o que

supón o 11% da renda agraria de Galiza (que anda ao redor dos 1.000 millóns de euros). E iso que este cálculo é conservador, pois se aplicamos o prezo de consumo dos alimentos en destino, entón a renda xerada por estas hortas familiares podería chegar ao 30% do total. Por iso, o autoconsumo non é nada desprezable, nin economicamente, nin dende un punto de seguridade e calidade alimentaria. A pesar disto, o autoconsumo non se contabiliza economía tradicional.

Outros beneficios das pequenas explotacións que non se contabilizan, segundo Carreira, son os derivados da práctica dunha agricultura multifuncional: se-

guridade alimentaria, conservación da paisaxe e da biodiversidade, a sabedoría rural, a protección dos solos, a saúde da xente, etcétera; todo dun enorme valor pero que non computa na renda porque o mercado non o ten en conta.

O sistema económico actual tampouco ve con bos ollos a agricultura con tempo parcial, a pesares de que foi a que resistiu mellor o embate da brutal reconversión sufrida polo agro galego (perda de 250.000 postos de traballo entre 1989 e 2005); así, hoxe en día, mentres que as persoas que se dedican a xornada completa á agricultura son 63.000; temos 116.000 que se dedican a tempo parcial.



Carreira chegou a facer unha análise heterodoxa do minifundio que, cando non é agudo de máis, pode ter virtudes como permitir

unha agricultura de precisión grazas á división das leiras por usos; ou, mesmo, os valados como barreiras contra a erosión dos lumes.

Unha proceso de *modernización* que pechou 125.000 explotacións

A segunda intervención correu a cargo do profesor de Economía Aplicada na Universidade de Vigo, Xabier Simón, que comezou denunciando que todos os problemas da pequena agricultura viñeron da man das políticas aplicadas nos últimos anos, polo que "na política deberemos atopar parte das solucións". Respecto disto último, Simón dixo que na actual conxuntura vai ser posíbel traballar por un modelo agrario diferente.

Xabier Simón esmiuzou as características que definen a unha pequena explotación -predominio da pequena escala, traballo familiar e non asalariado, predominio do policultivo

fronte ao monocultivo, papel fundamental dos insumos internos, mercados locais como destino da produción, etcétera-.

Simón explicou que as estatísticas din que o 79% das explotacións galegas (datos de 2003) son de pequena escala, e que o 94% non teñen traballadores asalariados, polo que no noso país a inmensa maioría poden ser consideradas pequenas explotacións; e iso a pesares de que, dende os anos oitenta, na Galiza se aplicou conscientemente unha política orientada a destruír postos de traballo no agro: pecharon 125.000 explotacións dende 1987.

A situación actual é que temos unha maioría de pe-

quenas explotacións con graves problemas derivados das políticas agrarias aplicadas, que tamén afectaron negativamente ás grandes (o 81% das explotacións galegas teñen uns ingresos brutos inferiores aos 9.600 euros anuais), demostrando o fracaso da *modernización* que, polo menos, deixou ben claro que Galiza, pola súa escasa base territorial, non pode competir en cantidade.

De seguir por ese camiño *modernizador*, as pequenas explotacións tenderían a seguir desaparecendo, polo que Xabier Simón avogou por un cambio de paradigma baseado nunha aposta pola calidade (métodos agrarios ecolóxicos, denominacións de orixe, canles cur-



tas de comercialización, venda directa), a activación de fontes alternativas de ingresos (agroturismo, manejo da natureza e da paisaxe,

producción enerxética, etcétera), e novas estratexias para minimizar os custos de produción e aumentar as rendas das explotacións.

Editorial***Manter as pequenas explotacións: unha grande aposta de futuro para manter vivo o agro galego***

Na Galiza, ao igual que no resto de Europa e do planeta, a inmensa maioría das explotacións agrarias son pequenas e de tipo familiar: no noso país chegan case ao 80%, e na Unión Europea supoñen o 70% do total.

O Sindicato Labrego Galego (SLG) leva anos denunciando a desaparición de explotacións na Galiza e, con elas, o abandono da actividade agraria, a perda da soberanía alimentaria da nación galega e o forte despoboamento e abandono do medio rural.

O SLG entende que Galiza non pode permitirse a desaparición de máis explotacións. O goberno galego debe actuar decididamente para poñer fin a este sangría e incentivar novas incorporacións á actividade agraria sen condicionar as axudas a unhas dimensións estándar que quedan moi ben no papel, pero que, en realidade, dificultan e mesmo impiden a instalación de persoas na actividade agraria.

Cando falamos de pequenas explotacións, estamos a falar de explotacións que aportan alimentos e calidade, que fixan poboación, que xestionan o territorio dunha

maneira eficaz, e que manteñen vivo o noso medio rural.

Son explotacións nas que cómpre actuar para consolidar os postos de traballo que agora existen, case sempre en precario e moitas veces sen capacidade para pagar a seguridade social. O meirande destas explotacións son rexentadas por mulleres, co cal, actuando para mantelas, actúase tamén para consolidar postos de traballo feminino na actividade agraria e contribúese para que fiquen no medio rural. Trataríase de establecer medidas que dean prioridade ao mantemento destas explotacións, fronte ás políticas do pasado que estiveron orientadas a forzar o seu peche e abandono de actividade.

Dende o Sindicato Labrego entendemos que cómpre, en primeiro lugar, traballar para recuperar a imaxe positiva que tiveron este tipo de explotacións até a chegada do proceso *modernizador*, impulsado polas políticas agrarias e reforzado coa incorporación do Estado Español á Unión Europea. Este proceso descualificou a todas as explotacións que non puideron, ou non quixe-

ron, endebedarse até as orellas para acometer un redimensionamento que non sempre deixou a rendibilidade prometida.

Cómpre, igualmente, desmontar todo un proceso de difamación en canto á calidade e seguridade alimentarias, que induce á xente, en xeral, a pensar que as pequenas explotacións non poden aportar esa calidade ou seguridade ao non cumprir cunhas normas deseñadas para grandes empresas. A experiencia pon de manifesto que os envelenamentos e a inseguridade alimentaria veñen sempre, precisamente, de quen cumpre as *normas* establecidas; e isto é así porque esas normas quédanse no *envoltorio* e na burocracia, velando pouco polo contido.

Ademais do descrito anteriormente, as pequenas explotacións, con mesma calidade (estándar) ou mellor, se o miramos dende o punto de vista nutritivo, perciben sempre menor prezo. Foron expulsadas dos mercados e, as poucas que quedan, seguen sendo excluídas deles, tanto na venda directa como nos circuitos curtos de comercialización nos que só hai un elo entre o produtor ou a produtora e a venda á clientela.

En febreiro, a cidadanía galega andivo ocupada e preocupada co destino incerto dun barco mercante que fumegaba vapores perigosos. Non é por acaso, un dos ingredientes da temida carga do Ostedijk era o nitrato amónico, que non debemos esquecer que pertence á familia dos compoñentes básicos dos explosivos modernos.

Sendo isto preocupante, debemos facer un pouco de memoria histórica sobre o papel dos fertilizantes químicos na consolidación do modelo agrario actual. Os químicos alemáns Haber e Bosch descubriron en 1910 a síntese do amoníaco e, alén de valerlles o premio Nobel, este acontecemento foi clave no desenvolvemento armamentístico da primeira Grande Guerra Mundial, co seu conseguinte ronsel de devastación e morte.

Nunha lóxica análoga, pódese ver o papel dos fertilizantes NPK (nitróxeno, fósforo e potasio). O Estado español importa grandes cantidades de fertilizante, xa que a súa elaboración "in situ" supón enormes impactos sociais, ambientais e económicos. De certo, a síntese do amoníaco e os seus derivados nitróxenos é un proceso caro, ineficiente e nauseabundo; e non ten en

***As ameazas non visibles dos fertilizantes do Ostedijk***

por Xosé Manuel González Vilas

conta estes custes en comparación con outros procesos para a obtención de nitróxeno máis naturais e sostíbeis como a plantación de leguminosas -que fixan nitróxeno da atmosfera con custe ambiental e enerxético case 0-, ou a recuperación de esterco e refugallo domésticos de orixe urbana. É dicir, estamos a pagar por importar adobos e pagamos por queimar nitróxeno doméstico.

Seguindo co fío do nitróxeno, non existe ningún tipo de responsabilidade no transporte marítimo de produtos agroalimentarios. Importamos leite, adobos, sementes; exportamos viño, carne, e tamén leite e sementes, etcétera. As consignatarias marítimas non responden por accidentes marítimos e explotan brutalmente ás tripulacións de orixe asiática que precisan. É por esta razón que resulta "vendible" o modelo da agricultura industrial, a pesares de supor unha catástrofe alimentaria, ambiental e social en termos de falta de sober-

anía e dependencia dunhas poucas variedades de plantas que son cultivadas con dependencia aditiva en agroquímicos NPK.

O popular 15-15-15 do saco vermello estrágase nun mínimo do 50% nada máis botalo na terra por mor das primeiras choivas, o que provoca a eutrofización de regueiros e lagoas, modalidade de contaminación que xa supón un problema grave de saúde ambiental nalgunhas comarcas galegas. Tamén é sabido é que os fertilizantes NPK aumentan a cantidade das producións, aínda que resultan pésimos á hora de achegar calidades nutritivas e gustativas aos alimentos vexetais e animais. Por se non abundase, os NPK favorecen o ataque de pragas e doenzas nos cultivos, e maior dependencia doutros agroquímicos de procedencia máis preocupante e, como non, transportados en buques mercantes que bordean as nosas costas. Finalmente, os fertilizantes NPK está a

producir un dano difícil de corrixir en canto á perda de fertilidade e degradación dos nosos solos, que son un ben prezado e de difícil rexeneración no tempo.

Despois do devandito, poderíamos facernos a seguinte pregunta: quen paga isto? Poderíamos pensar que os pobres cidadáns e cidadás afectad@s polas emanacións das fábricas de amoníaco ou potasa; tamén estarían a pagar os mariñeiros filipinos dos mercantes; e tamén os labregos e labregas que se ven na obriga de producir cantidade en troques calidade, xa que o mercado non ofrece outra posibilidade; se cadra tamén pagan a súa parte @s nos@s sufridos consumidores e consumidoras, e contribúntes que mercan alimentos pésimos, beben augas contaminadas e, por riba, pagan, sen sabelo, subsidios ás industrias agroquímicas.

Xa se ve que a agroindustrialización pon estes días a súa faciana máis cheirenta e nociva nas nosas costas; pero todos os días estamos padecendo o dano menos visible das outras ameazas nos nosos cultivos e nos nosos alimentos, sen necesidade de que nolas pase por diante dos ollos o Ostedijk.

Inician o diálogo en vacún e avicultura de carne de Galiza

Medio Rural convocou as primeiras mesas sectoriais destes eidos en febreiro

O mes de febreiro serviu para que se abrise o diálogo en dous sectores pecuarios galegos: o vacún e a avicultura de carne. Convocadas pola Consellaría de Medio Rural, habíase celebrar cadansúa mesa o 1 e o 23 de febreiro. Ambas serviron para unha primeira toma de contacto entre os diversos axentes de ambos sectores pecuarios.

Aínda que a Mesa da Carne de Vacún habíase celebrar na data prevista, non deu pé a debater ningún dos temas tratados publicamente polo SLG, xa que se limitou a ser unha primeira toma de contacto entre os axentes deste foro do diálogo.

Por iso, os representantes do Sindicato Labrego na Mesa da Carne, Elías Somoza e Xabier Gómez Santiso, terán que deixar para máis adiante a defensa das posicións da organización, que se fixeron públicas no Fouce 251: o cebo de frisión en extensivo como actividade complementaria para as explotacións de leite, transparencia e control nos matadoiros, e mecanismos que garantan a estabilidade de prezos dignos.

Tamén se celebrou en febreiro, o día 23, a primeira Mesa de Avicultura de Carne, na que estiveron Xabier Gómez Santiso e o responsábel do sector no SLG, Gabriel López.



O responsábel dos sectores gandeiros, Xabier Gómez Santiso, estivo presente nas dúas mesas

Trátase dun feito histórico longamente demandado polo Sindicato Labrego -tanto de maneira pública como en contactos bilaterais con Medio Rural-, e que agora fai realidade o inicio dun diálogo entre os diversos axentes do sector.

As propostas do Sindicato Labrego neste foro viraron, e virarán, ao redor da realización dun contrato tipo que garanta uns prezos dignos para a produción avícola e recoñeza as singularidades das explotacións do noso país.

O Sindicato Labrego apoia ás explotacións afectadas polas minas de cuarzo da Terra Chá



A afiliación e responsábeis comarcais do SLG na Terra Chá apoiaron activamente as protestas contra as minas de cuarzo

Máis de cincocentos veciños e veciñas da Terra Chá, o meirande gandeiros e gandeiras, manifestábanse, o 8 de febreiro, en contra das tres concesións mineiras para a explotación de cuarzo de Erimsa. Estas afectan a case 5.700 hectáreas, en oito concellos da comarca. A mobilización foi apoiada por 22 colectivos, que presentaron máis de 5.000 sinaturas apoiando un recurso contra as concesións mineiras.

A Executiva do SLG acordou a adhesión ao recurso e posicionarse a favor da xente afectada, xa que estas concesións mineiras significan, na práctica, hipotecar o futuro de centos de explotacións agrogandeiras. Temos que ter en conta que estamos a falar dunha das zonas agrarias máis importantes de Galiza, cun medio

rural aínda vivo e dinámico, con centos de explotacións, e un potencial importante por aproveitar; unha comarca onde, ademais, se ten investido moito diñeiro público en concentracións parcelarias, regadíos, etcétera.

O Sindicato Labrego participou e colaborou activamente na loita en contra das minas, integrándose na plataforma de asociacións contrarias ás mesmas. Os responsábeis comarcais do SLG e varios gandeiros afectados tiveron, a maiores, unha entrevista co Delegado de Medio Rural, Emilio López, para pedirlle o seu apoio contra as concesións. Na reunión comunicóuselles que se estaba a elaborar un estudo técnico-xurídico, para que se valorase o impacto socioeconómico real que as concesións van ter.

Atraso da Deputación de Ourense no pago das axudas para a pataca da Limia

O Sindicato Labrego criticou o atraso no pago das subvencións, por parte da Deputación de Ourense, aos produtores e produtoras de pataca na comarca da Limia. Estas axudas están destinadas á adquisición de maquinaria agrícola, instalacións de rega, reforma de almacéns e compra de pataca de semente certificada.

Logo de reservarse do INORDE unha partida orzamentaria de 180.000 euros, correspondentes ao exercicio 2006, de dar publicidade ás bases para a tramitación e concesión das devanditas axudas no Boletín Oficial da Provincia do 21 de xullo de

2006, e de asinar a aceptación da subvención por parte dos produtores no mes de novembro do ano 2006, aínda non se fixo ningún ingreso por parte da Deputación.

En opinión do Sindicato Labrego Galego, este atraso no pago das subvencións non obedece a razóns puramente técnicas; pola contra, o Sindicato Labrego cre que se trata dunha estratexia puramente electoral coa que a Deputación de Ourense adía o pago para que coincida coa precampaña das eleccións municipais de maio, tal e como xa ten feito xa noutras ocasións.

Novos locais do SLG en Lalín e Oia para atender o aumento de afiliación

O Sindicato Labrego Galego inaugurou dous novos locais na provincia de Pontevedra no mes de febreiro. O primeiro deles foi o de Lalín, o día 9, onde a organización pasou a ter unhas novas instalacións máis amplas e dotadas de mellores servizos, tamén na rúa Areal 1, pero no primeiro andar. Desta maneira, o SLG adáptase a uns novos tempos nos que viu incrementada significativamente a súa afiliación na comarca do Deza. A cerimonia de inauguración correu a cargo do responsábel da bis-



A secretaria xeral do SLG, Lidia Senra, visitou Lalín para inaugurar oficialmente o novo local da organización na vila

barra, Mariano Lema; e da secretaria xeral do SLG, Lidia Senra.

Por outra banda, o Sindicato Labrego inaugurou tamén, nesta ocasión o 22 de febreiro, un novo local na parroquia de Mougás, no municipio pontevedrés de

Oia. A partir de agora, o SLG poderá atender á súa afiliación desta zona nas instalacións do centro cultural pertencente á comunidade de montes do lugar. Oia é un municipio costeiro con produción gandeira, forestal, pataca e millo.

A Dirección de Horta, Froita e Flor do SLG inicia a súa andaina

O novo órgano sindical foi elixido nun congreso en Betanzos e estará coordinado por Pura Seoane Albela

O Congreso de Horta, Froita e Flor do Sindicato Labrego, celebrado en Betanzos o 25 de febreiro, posibilitou a creación, por primeira vez, dunha Dirección Nacional para estes sectores

dentro da organización sindical, con representantes de todas as comarcas galegas e coordinada por Pura Seoane. A nova directiva recollerá as inquietudes e problemas do sector para tirar

delas as demandas a defender e reivindicar polo SLG. Foi un congreso rico en debate que deixou moitos temas abertos nos que a Dirección de Horta se poñerá axiña a traballar.

O principal documento xurdido do congreso foi un relatorio no que se analiza a situación do sector hortícola galego, que está a pasar por unha crise na que a produción se está a cotizar ao mesmo prezo de hai anos, de maneira que, en moitas ocasións, non dá nin para cubrir os custes de moitas explotacións. Entre os factores que provocan esta crise estarían as marxes abusivas da distribución, que moitas veces chegan a ser do 100%; o aumento constante das importacións, que fan que o consumo de produtos de horta en Galiza sexa, maioritariamente, de hortalizas producidas fóra do noso país; ou o predominio dun sistema de produción intensivo que, amais de ser moi dependente das distribuidoras e feble á hora de acadar bos prezos, está a provocar graves problemas de saúde nos produtores e produtoras, e na xente que consume os alimentos.



A mesa do congreso foi a responsábel de conducir os debates durante toda a xornada

Outros hándicaps do sector, tamén analizados no texto do relatorio, serían unha grande dependencia tecnolóxica do exterior en cuestións como sementes, adubos, plantas, fitosanitarios, etcétera; a falla de

apoios á venda de produtos frescos en mercados de proximidade; a inexistencia de empresas de sementes e de viveiros de horta; a perda do noso acervo xenético e cultural no que se refire ás variedades autóctonas de

froitas e hortalizas, e mesmo prácticas de cultivo; o problema dos agrotóxicos; ou as graves carencias en cuestións básicas como asesoramento técnico ou formación d@s profesionais que traballan no sector.

Un monllo de demandas xa enche a axenda de traballo deste novo órgano directivo

As demandas sindicais que recolle o relatorio e que serán a guía pola que se rexerá a Dirección Nacional de Horta do SLG que vén de ser elixida son moitas: establecemento de contratos homologados entre as explotacións e as distribuidoras que garantan uns prezos dignos en orixe; políticas que apoiem e promovan o consumo das froitas e hortalizas producidas no noso país para frear a nosa dependencia alimentaria; eliminación da fraude que se realiza ao etiquetar produtos de fóra coma se fosen galegos; control público das marxes comerciais; apoio desde as administracións á redución de custes de produción e comercialización; investi-

gación, asesoramento e formación públicas para o sector adaptadas a Galiza; promoción do emprego de sementes e material vexetal hortofrutícola adaptado ás nosas condicións edafoclimáticas; prohibición dos transxénicos no noso país; control público e exhaustivo dos refugalllos tóxicos nos mercados finais; apoio ás canles curtas de comercialización (mercados locais, prazas de abastos, pequeno comercio, restauración, hostalería e turismo, comedores públicos, etcétera); promoción do consumo e a comercialización; fomento dun modelo produtivo sostíbel que produza alimentos sáns; apoio directo ás pequenas explotacións, etcétera.



O responsábel de horta do SLG n'As Mariñas, Antón Sánchez García, foi o encargado de inaugurar o congreso

“Temos en común o querer que, día a día, entren cartos nas nosas explotacións”

Na súa intervención, a nova coordinadora da Dirección Nacional de Horta, Froita e Flor do Sindicato Labrego, Pura Seoane, quixo aclarar que, a pesares de ter unha explotación ecolóxica, "o sector debe ser só un, amplo e dinámico, onde conflúan todas as tendencias".

Facendo referencia aos distintos modelos produtivos que hai na horta galega -ecolóxica, integrada, convencional-, Seoane dixo que "non podemos facer illas con distintas demandas". Para iso, a responsábel da Dirección de Horta explicou que "todos temos en común querer que, día a día, mes a mes, entren cartos nas nosas explotacións, que nos paguen a prezos dignos e rendíbeis os nosos produtos para poder dicirle aos nosos fillos que temos cartos, que podemos seguir alimentándoo, que podemos seguir mantendo ás nosas familias. Iso é polo que imos loitar. Todas as persoas que integramos a dirección do sector así o cremos e así o manifestamos agora. Eu, simplemente, serei unha canle, un vínculo, para transmitir a opinión e as decisións do sector".

Finalmente, Pura Seoane destacou a importancia da voz de toda a afiliación, pois "as opinións de toda a xente que traballamos, día a día, na terra, contan. Ese día a día na terra pódenos servir para reflexionar, e para dar ideas que despois se poden levar a cabo. Por iso, estou convencida de que esta dirección vai ser a canle para mellorar a nosa situación, a canle para pór a flote a economía da horticultura de Galiza".

“Se algo ficou claro foi a aposta do SLG polo sector hortofrutícola e de flor”

Na clausura do congreso, Lidia Senra anticipou algúns dos retos aos que se deberá enfrontar a directiva

A intervención da secretaria xeral do SLG, Lidia Senra, había ser a que servise para clausurar o congreso. Nela, Senra tivo unha mención especial para os compañeiros e com-

pañeiras de Betanzos que se encargaron da organización, e felicítouse pola importante participación de todas as comarcas hortícolas galegas. Despois, habería debullar algún dos temas

máis importantes que deberán pasar pola Dirección de Horta nos vindeiros anos, como a demanda dun modelo sostíbel ou a reforma da organización común de mercado.

Lidia Senra asegurou que o congreso do 25 de febreiro serviu para "sentar as bases do que será o noso traballo durante os seguintes catro anos neste sector. Este é un punto de partida que nos vai permitir, pouco a pouco, seguir aprofundando en moitos debates que ficaron hoxe abertos, como que modelo de produción queremos para o futuro, ou cal vai ser a nosa aposta polos mercados".

A pesares do carácter aberto do debate e das propostas, Senra aclarou que "se algo ficou claro, é que o Sindicato Labrego aposta polo desenvolvemento do sector hortofrutícola e de flor, e por que a cidadanía galega poida consumir produtos de horta galegos". En referencia a isto último, a secretaria xeral do Sindicato Labrego explicou que "non serve de nada que os nosos produtos anden polo Estado adiante e se comercialicen a moi baixo prezo -xa que contra máis lonxe van e por máis mans pasan, menos se paga-; cando, ao mesmo tempo, estamos importando grandes cantidades de verduras e froitas para alimentarnos no noso país. E o mesmo poderíamos dicir das flores. De aí unha reivindicación clara do Sindicato Labrego, que é acadar a soberanía alimentaria para o noso pobo".

"Unha aposta que tamén temos clara", proseguíu Lidia Senra, "é que esa produción debe estar nas mans de labregos e labregas, e controlada tamén por nós. De nada vale que no noso país poidamos producir todos os produtos de horta, froita e flor que consumimos, se esa produción non está nas nosas mans e, pola contra, está dominada po-



Os membros da Dirección Nacional de Horta, Froita e Flor do Sindicato Labrego Galego, incluíndo titulares e suplentes, son: Antón Sánchez, Carme Veiga, Cristina Bañobre, Francisco Docampo, Purificación Seoane, Milagros Piñeiro, Miguel Anxo Méndez, Xosé Carlos Figueroa, Carme Garrote, Xabier Castro, Eva Beres, María Pardo, Vilma Leivas, Elia Rodríguez, Servando Méndez, Crame Seijo, Rosario Sánchez, Andrés Nogueira, Teresa Núñez, Xabier Diéguez, Carlos Durán, Olga Pequeño, Isabel Ferreira, Raquel Lomba, Cristina Carbalhais, Susana Rodríguez, Lois Xabier Pereira, Antonio Otero, Valentín Buceta, Victoria Martiñán, José Pérez e Divina Valle.

las grandes empresas e grandes explotacións de tipo industrial que, ao final, impiden que nós poidamos traballar e vivir da nosa produción".

Outra das demandas citadas por Lidia Senra foi a de camiñar cara un modelo sostíbel da horta galega, reivindicación que esixirá "presionar sobre a Adminis-

tración para que poña diñeiro para levalo a cabo, e faga posible que poidamos camiñar cara un modelo de produción co que poidamos sobrevivir no futuro, pois se

imos cara o promovido polas grandes industrias imos ter moi pouco que facer. Por iso necesitamos o apoio dos gobernos para ir cara a outro modelo de produción".

Temas centrais para o sector coma os prezos cócense fóra das nosas fronteiras

A situación dos mercados internacionais tamén foi analizada por Senra, xa que nel se deciden cuestións tan transcendentais coma os prezos. "A cuestión dos prezos é fundamental para sobrevivir. Un prezo que cubra os custos da produción e remunere dignamente o noso traballo. Neste intre, o marco internacional non é nada favorable para o establecemento deste tipo de prezos. A Comisión Europea está presentando constantemente reformas das organizacións comúns de mercado, nas que se inclúen os sectores da froita e das hortalizas, para baixar máis os prezos dos nosos produtos.

Estas reformas que se están a lanzar dende a Comisión Europea -froitas e hortalizas, viño, leite, etcétera- encádranse no marco de buscar acordos no seo da Organización Mundial do Comercio (OMC), e o único que pretenden é eliminar calquera tipo de política que nos protexa das importacións a baixo prezo de terceiros países, importacións que non van beneficiar aos labregos e labregas dos lugares de orixe destes produtos importados, senón que son reformas dirixidas a facilitarlle ás grandes transnacionais a introdución dos seus produtos en calquera mercado do mundo".



As intervencións de Pura Seoane e Lidia Senra puxeron punto e final a un evento no que destacou a participación

Lidia Senra recordou que "dende o SLG levamos anos traballando para combater os acordos da Organización Mundial do Comercio, para poder ter o dereito a seguir producindo para alimentar ao noso país, para poder producir a prezos xustos, e para impedir que os gobernos eliminen as medidas de protección que

existen para defendernos destas importacións a baixo prezo das transnacionais".

En relación co devandito, a nova Dirección Nacional de Horta, Froita e Flor do SLG terá entre as súas tarefas a análise da reforma da organización común de mercado destes sectores, e a definición de propostas ao respecto.

CPE e SLG contra os agrocarburentes no Comité Consultivo da Unión Europea

Xosé Ramón Cendán representou en Bruxelas ás organizacións da Coordinadora Labrega Europea

O pasado 9 de febreiro, o responsábel de relacións internacionais do Sindicato Labrego, Xosé Ramón Cendán, participou en Bruxelas no Comité Consultivo da Unión Europea sobre

agrocarburentes. Fíxoo en calidade de membro da Executiva da Coordinadora Labrega Europea (CPE) e, no seu nome e no das máis de vinte organizacións agrarias que aglutina, defen-

deu unha postura moi crítica coa tentativa da Comisión Europea de impoñer este novo tipo de agricultura, que ameaza a alimentación e a biodiversidade alí onde se implanta.

Cendán deixou ben claro, diante do Comité Consultivo da Unión Europea, que os agrocarburentes de procedencia industrial constitúen un auténtico engano aos agricultores e ás agricultoras, e tamén aos/ás contribuíntes, pois non van contribuir a solucionar nin a crise agrícola nin a crise climática, e van entrar en competencia coa produción alimentaria.

De primeiras, é un erro producir combustíbel industrialmente a partir de trigo, remolacha ou colza. Estes agrocarburentes industriais de primeira xeración, obtidos de cultivos intensivos anuais, teñen unha eficacia enerxética moi baixa. Considerando 1 como a mesma cantidade de enerxía gastada na produción con respecto ao produto enerxético final obtido, o resultado sería negativo para o etanol de millo, de 1'6 para o etanol de trigo, de 1'14 para o etanol de remolacha, e de 1'66 para o éster de colza. Estas cifras serían de 1'35, 1'25 e 2'23 se aproveitamos as colleitas para sacar delas tamén coprodutos destinados a alimentación animal. Para o aceite en bruto de colza prensado, os resultados son mellores: 1'88 e 3'8. Os mellores resultados son para o etanol de cana de azucre, pero Europa non a produce.

Á vista destes datos, para o SLG e a CPE, é mellor favorecer a autonomía enerxética das propias explotacións agrarias apoiando a produción de aceite vexetal bruto; en troques de crear de fábricas de agrocarburentes cuxa rendibilidade enerxética, económica e climática dependen de fortes subvencións directas, ou indirectas a



Xosé Ramón Cendán defendeu a posición da Coordinadora Labrega Europea en Bruxelas

través de exencións fiscais. A implantación destas fábricas xunto a grandes portos pon de manifesto que a prioridade se lle vai dar ás importacións de agrocarburentes de orixe tropical menos custosos.

O desenvolvemento de combustíbeis de segunda xeración resultantes doutras formas de biomasa, como madeira, refugallo orgánico ou celulosa, son máis prometedores, dende un punto de vista enerxético,

cós cultivos anuais, sempre a condición de que a produción non fose de tipo industrial e que, na recollida que se fixese nos montes, se deixase a biomasa necesaria para que achegue materia orgánica aos solos.

Todo o agro da UE para cubrir só o 30% do consumo enerxético

Só incorporar un 5'75% de agrocarburente nos combustíbeis petrolíferos esixiría utilizar o 20% da superficie dedicada ao cultivo de cereais. Utilizando todas as súas terras agrarias, a Unión Europea non daría cuberto máis do 30% das súas necesidades enerxéticas actuais. Se a elección, pola contra, é importar estes produtos agrarios, o problema da competencia coa alimentación desprazaríase a outros países e Europa seguiría a ser moi dependente, dende un punto de vista enerxético, do exterior.

Os países ricos están a desenvolver grandes proxectos de produción de agrocarburentes en países tropicais como Indonesia, Malaisia, ou Brasil; en detrimento da súa soberanía e seguridade alimentarias, e da biodiversidade. Un dos proxectos quere reconverter os bosques de Sumatra en plantíos de palma de aceite.

Á vista destes datos, a CPE e o SLG teñen unha explicación sobre a propaganda masiva das agroindustrias, co apoio da Comisión Europea, a favor dos agrocarburentes. Ante a difícil lexitimidade da PAC actual, dende o punto de vista internacional e social, e ao anticipar unha forte redución do orzamento agrícola para o 2013, inténtase orientar á opinión pública para que sexa máis sensíbel á dependencia enerxética europea que á dependencia alimentaria. Desta maneira, terxiversando datos e informacións, as industrias e a Comisión Europea queren facernos crer que é necesario subvencionar a produción e a utilización de agrocarburentes cunhas axudas que, ao fin e ao cabo, só servirán para garantirlle ás explotacións máis grandes e á industria o mantemento de fortes subvencións públicas.

Solucións: fontes de enerxía propia nas explotacións e menos consumo

Como alternativa aos agrocarburentes, Cendán propuxo unha redución do consumo enerxético e, nese senso, as explotacións agrarias poden contribuir de maneira efectiva a facer fronte á crise actual.

As maneiras de facelo serían varias como, por exemplo, modificando os métodos de produción, cunha diminución prioritaria do consumo de abonos nitrogenados, responsábeis do 40% do consumo de carburante nas explotacións; e indo cara a producións máis autónomas e máis económicas dende o punto de vista enerxético.

Tamén se pode favorecer a produción de aceites de oleaxinosas prensadas nas propias explotacións ou en factorías locais, naquelas zonas xeográficas axeitadas para desenvolver este tipo de cultivos. Tamén axudaría levar adiante procesos de metanización, e coa instalación de paneis fotovoltaicos nos teitos das construcións agrarias.

En calquera caso, a urxencia climática imponnos abandonar a lóxica de mercado imposta pola PAC actual a Organización Mundial do Comercio (OMC), que multiplica as necesidades de transporte e de consumo de carburantes. Pola contra, habería que relocalizar a economía, as producións e transformacións, en aras da eficiencia, do emprego e do medio ambiente. Iso sería máis eficiente a todos os efectos e daría máis emprego e contribuiría a reducir de maneira considerábel o consumo de combustíbel.

O Foro Mundial Nyéléni senta as bases da loita global pola soberanía alimentaria

O SLG estivo presente a través de Isabel Vilalba, que foi invitada pola Marcha Mundial das Mulleres

A responsábel da Secretaría das Mulleres do Sindicato Labrego, Isabel Vilalba, estivo en Mali (África) entre o 23 e 27 de febreiro, onde participou no Foro Mundial da Soberanía Alimenta-

ria Nyéléni 2007, na localidade rural de Sélingué. Vilalba viaxou ao país subsahariano invitada pola Marcha Mundial das Mulleres, e formou parte do medio milleiro de representantes de

86 países do mundo e das máis diversas organizacións sociais que alí se deron cita. O foro serviu para asentar os alicerces dunha loita global polo dereito á soberanía alimentaria.

O foro realizouse para forxar unha posición común en todo o planeta respecto á demanda de soberanía alimentaria para todos os pobos da terra, é dicir, o dereito de que o campesiñado de cada país poida producir os alimentos necesarios para manter á súa poboación.

Á súa chegada a Galiza, Isabel Vilalba declarou que "a nivel persoal, este foro foi toda unha experiencia, pois puideron coñecer en primeira persoa a xentes de todo o planeta e as súas problemáticas. Alí estaban quen sufriron a devastación do tsunami; quen aturan a construción do muro de Palestina, que afasta a familias e ao campesiñado das súas terras; quen padecen en Colombia as fumigacións masivas contra os cultivos de coca e o forte acoso das multinacionais para expulsar a labregos e labregas das súas terras, nun país onde discrepar pode supor a morte; en definitiva, quen están a sufrir todo tipo de represalias por defender un modelo social xusto".

Vilalba tamén salientou a importancia de coñecer de preto ás xentes de Sélingué. Neste senso, a responsábel das mulleres do Sindicato Labrego destacou "a grande diferenza entre supoñer como son as súas vidas, e ver in situ como todo o que teñen se reduce a un toldo e unhas cantas mercadorías para vender, ou a unha casinha de dez metros cadrados co chan de terra onde unha familia garda todas as súas pertenzas, ou onde as mulleres dan a luz e crían aos seus bebés. É un contraste moi grande, pero non tirei del unha conclusión negativa. Con todas esas condicións de



Vilalba viviu unha semana de ricos intercambios con labregos e labregas de todo o mundo

dureza nas que viven, o que me transmitiron foi unha grande hospitalidade, e vinlles moitas ganas de tirar adiante, de ver como poden salvar e mellorar os seus cultivos".

Respecto ás reivindicacións xurdidas do foro, Vilalba sinalou que hai deman-

das comúns do norte e do sur, pois "todos e todas estamos de acordo en loitar por un modelo máis xusto onde os labregos e labregas, e tamén a cidadanía, poidan seguir mantendo os seus postos de traballo e teñan salarios que lles permitan vivir dignamente sen ser ex-

pulsados das súas terras nin represaliados, e que traballen por un modelo sostíbel a nivel medioambiental".

Na axenda de loita de todas as organizacións participantes sinaláronse inimigos como o imperialismo, o neoliberalismo, o neocolonialismo, o patriarcado, e cal-

quera outro sistema que empobreza a vida, os recursos naturais e os ecosistemas; denunciándose directamente aos organismos promotores deste tipo de políticas, como a Organización Mundial do Comercio (OMC), as corporacións multinacionais ou os gobernos que prexudican aos seus pobos en beneficio destes últimos.

O foro tamén amosou o seu rexeitamento a tecnoloxías e prácticas que erosionan a capacidade para producir alimentos no futuro, entre as que destacarían algunhas que afectan directamente a Galiza, como o monocultivo de eucalipto, os transxénicos, ou a nova moda dos agrocarburos, de grande impacto sobre o medio ambiente e sobre a nosa saúde e o fornecemento de alimentos. Fronte a todo isto, a soberanía alimentaria perfílase como unha demanda irrenunciábel que remataría con boa parte das máis agudas inxustizas que padece boa parte da humanidade hoxe en día.

Contra a opresión e desigualdades a pobos, razas e entre homes e mulleres

"A soberanía alimentaria é o dereito dos pobos a alimentos nutritivos e culturalmente axeitados, accesíbeis, producidos de maneira sostíbel e ecolóxica, e o seu dereito a decidir o seu propio sistema alimentario e produtivo. Isto pon a aqueles que producen, distribúen e consumen alimentos no corazón dos sistemas e políticas alimentarias, por riba das esixencias dos mercados e das empresas. Defende os intereses de, e inclúe ás futuras xeracións. Ofrécenos unha estratexia para resistir e dismantelar o comercio libre e corporativo e o réxime alimentario actual, e para

orientar os sistemas alimentarios, agrícolas, pastorís e de pesca para que pasen a estar xestionados polos produtores e produtoras locais. A soberanía alimentaria dá prioridade ás economías locais e aos mercados locais e nacionais, e outorga o poder aos labregos e labregas e á agricultura familiar, a pesca artesanal e o pastoreo tradicional, e coloca a produción alimentaria, a distribución e o consumo sobre a base da sustentabilidade ambiental, social e económica. A soberanía alimentaria promove o comercio transparente, que garante ingresos dignos para todos os pobos,

e os dereitos dos consumidores e consumidoras para controlar a súa propia alimentación e nutrición. Garante que os dereitos de acceso e á xestión da nosa terra, dos nosos territorios, as nosas augas, as nosas sementes, o noso gando e a biodiversidade, estean en mans de quen producimos os alimentos. A soberanía alimentaria supón novas relacións sociais libres de opresión e desigualdades entre os homes e mulleres, pobos, grupos raciais, clases sociais e xeracións".

Anaco extraído da declaración final do Foro Mundial de Soberanía Alimentaria Nyéléni

Frouma tentará dinamizar Rebordechán cun aproveitamento integral de recursos

O envellecemento e o abandono do agro son os principais problemas desta parroquia de Crecente

A parroquia de Rebordechán, no concello pontevedrés de Crecente, contén unha boa mancha de recursos naturais e etnográficos, amais de potencialidades agropecuarias e forestais,


que poderían facer dela unha zona dinámica e chea de vida. Nembargante, padece os males de boa parte do medio rural galego e da comarca de Paradanta: envellecemento poboacional,

desertización, abandono das actividades agrarias, etcétera. Agora, un proxecto da Asociación Forestal Frouma pretende poñerlle couto á desfeita e dinamizar o lugar.

A situación da parroquia de Rebordechán non é moi distinta doutras veciñas da comarca de Paradanta, unha das máis empobrecidas da Galiza rural, feito que se traduce no abandono dos aproveitamentos agropecuarios e forestais e nun envellecemento acusado da poboación. A situación crítica agudízase coa proliferación de incendios todos os anos.

A pesares disto, Rebordechán ten un bo feixe de recursos de seu sen explotar que poderían axudar a virar esta situación. Enclavada ao pé do río Miño, os seus fortes desniveis fan que sexan posíbeis aproveitamentos diversos, que van dende a horta e o viñado, ata o traballo forestal e de montaña. Igrexas, castros, pontes, muíños, fervenzas, e bosque autóctono completan un repertorio patrimonial que, dende Frouma, foron obxecto dun estudo previo que concluíu coa necesidade de elaborar un plan de aproveitamento integral destes recursos.

O primeiro paso do proxecto da Asociación Forestal Frouma consistirá na ordenación das 275 hectáreas de monte comunal, que se completará coa concentración das terras particulares se fose posíbel, co obxectivo de ter controlada a matogueira e diminuír o risco de lumes. A idea que se pretende executar consiste nunha repoboación en rodaís, con frondosas caducifolias micorrizadas que posibiliten a recolección de cogomelos, deixando espazo suficiente entre as ringleiras de árbores para que colla un tractor e se poidan realizar labores de roza. A biomasa sobrante será transformada en adubo na planta de Abonos Lourido, na propia



parroquia. Tamén se contempla a posibilidade de utilizar os sobreirais da parte baixa da parroquia para a cría de porco celta.

Outro dos aproveitamentos previstos será o de gando cabrún, que se introducirá naquelas zonas ás que non dea chegada a maquinaria, de maneira que, de maneira natural, se poida controlar tamén a matogueira para prever os lumes. Esta actividade xeraría un posto de traballo, xa que unha persoa tería que realizar labores de pastoreo.

De arriba a abaixo, e de esquerda a dereita: as técnicas de Frouma realizando o estudo de Rebordechán sobre o terreo; e dúas imaxes do rico patrimonio natural e cultural que ten esta parroquia, con ríos, fervenzas, sobreirais, castros, igrexas, etcétera



Sendeirismo, patrimonio e gastronomía

O outro grande bloque de actuacións a realizar na parroquia de Rebordechán está relacionado co turismo e o lecer. Para iso, tentaranse potenciar os abondosos lugares de interese cultural, etnográfico, paisaxístico e natural.

Na visita realizada polas técnicas de Frouma, púidose constatar a existencia de catro castros, varios cruceiros e fontes, dúas pontes romanas, unha igrexa románica e varios

muíños. Ademais, tamén hai magníficas paisaxes e vistas panorámicas, unha fervenza, regueiros con devesas, etcétera. Para explotar estes recursos vanse trazar e realizar varias rutas de sendeirismo que conecten as diversas zonas de interese.

Isto complementarase coa reserva dun espazo do monte comunal para levar a cabo nel varios proxectos que teñan que ver do goce da zona. Estes faríanse de maneira progresiva, e non

neste ano, como o resto de actuacións previstas. Así, está prevista a construción dun centro de interpretación do monte comunal ao que se poidan achegar visitantes e escolares; un establecemento onde se poidan degustar e mercar envasados os produtos obtidos no monte e producidos na comarca, como carne, queixo, mel, caza, cogomelos, froitos, etcétera; e unha área de descanso e lecer semellante a un cámping.

O Sindicato Labrego Galego demanda a retirada do proxecto da Lei do Botellón

O proxecto legislativo supón unha ameaza para un sector vitivinícola galego en proceso de recuperación

Ante a alarma suscitada no sector vitivinícola galego polas propostas que o Ministerio de Sanidade e Consumo recolle para a "Lei de medidas sanitarias para a protección da saúde e a

prevención do alcoholismo entre a mocidade", o Sindicato Labrego demandou a paralización do proceso de tramitación para que se lle dea unha nova orientación global ao enfoque

deste problema. Dende logo, para o SLG, o Ministerio erra ao non respectar a condición do viño como alimento e como unha parte fundamental e irrenunciábel da nosa cultura.

As razóns do Sindicato Labrego para reivindicar isto son varias. En primeiro lugar, a posta en marcha das medidas propostas no proxecto poden incidir negativamente na recuperación do sector vitivinícola galego, xa que introduce mensaxes confusas sobre o consumo das persoas adultas ao asociar viño coa consumición de bebidas insalubres e non desexables.

Ademais, o viño é un alimento natural, e así o define a Lei do Viño e da Viña. Polo tanto, o viño debería estar exento de consideracións xurídicas que o sitúen nun segmento de substancias ou produtos nos que non se pode aconsellar o seu consumo.

Outro dos argumentos do Sindicato Labrego contra a lei do Ministerio de Sanidade é que hai suficientes achegas da comunidade científica sobre os beneficios na saúde das persoas que consumen viño de xeito moderado; precisamente, os novos patrones de consumo integran



Na imaxe, *Le jeune dégustateur*, de Philippe Marcier (1681-1760), no Museo do Louvre (París). Cunha lei como a promovida polo Ministerio de Sanidade esta obra de arte rozaría a ilegalidade

o "consumo responsable" como elemento necesario para apreciar en toda súa dimensión a denominada cultura do viño.

Para o Sindicato Labrego, o problema do alcoholismo na mocidade pouco ou nada ten que ver co viño. De feito, nos últimos anos experimen-

touse un descenso no consumo vinícola, e disparáronse as vendas doutras bebidas alcohólicas de orixe industrial, como as espirituosas. Isto amosa a pouca ou nula incidencia que ten a cultura do viño na aparición de novos casos de alcoholismo e, en especial, na moci-

dade. De feito, a cultura do consumo de viño podería servir para prever o fenómeno do alcoholismo tal e como se está a dar hoxe en día.

Contra esta tentativa de penalizar o consumo dos nosos caldos, o Sindicato Labrego demandará da ad-

ministración pública galega o fomento de accións encamiñadas á formación e ensinanza entre a mocidade da riqueza, complexidade e diversidade que implica o coñecemento da cultura do viño, do mesmo xeito que se está a facer en países como Francia.

Finalmente, e máis dende un punto de vista fiscal, o SLG aproveitou para reclamar a separación do viño do réxime de imposición sobre alcohois, pois debería primar a súa natureza alimentaria fronte outras consideracións.

■ Paralización do anteprojecto.

A oposición do Sindicato Labrego habería que engadirle a de case a totalidade do sector en todo o Estado español.

Esta unanimidade á hora de enfrontarse ao anteprojecto de lei promovido por Sanidade, forzou á Ministra, Elena Salgado, a ordear a súa retirada. Desta vez, semella que se impuxo o sentido común

As novas normas que rexerán os consellos reguladores danlle o poder ao pleno

As denominacións xeográficas de calidade do sector alimentario e os seus consellos reguladores xa teñen un novo regulamento, que afectará de cheo ao sector vitivinícola.

Así, a partir de agora, os consellos reguladores constituiranse como corporacións de dereito público, feito que lles permitirá realizar diversas actuacións que ata o de agora lles estaban vedadas, como asinar convenios, subscibir préstamos, contratar,

etcétera. Isto farase efectivo en canto se constitúan os novos consellos reguladores.

Os diversos capítulos do decreto establecen outras normas importantes, como o procedemento para recoñecer novas denominacións xeográficas ou os dereitos e obrigas dos inscritos nelas.

O decreto tamén define os órganos de goberno dos consellos reguladores: presidencia, pleno composto polos vocais electos, e vicepresidencia ou vicepresidencias

escollidas entre os vocais.

O pleno terá as competencias máis importantes, xa que será o encargado de escoller á persoa que ocupe a presidencia, e poderá cesala a través dunha moción de censura. O pleno será quen governe o funcionamento do consello regulador: aprobará os orzamentos e calquera gasto superior a 3.000 euros ou que supere o 2% do orzamento anual, poderá modificar o regulamento, elaborará o manual de calidade,

procedementos operativos e instrucións técnicas, etcétera.

Así mesmo, o pleno do consello regulador poderá controlar e fiscalizar os seus departamentos, aprobar convenios laborais, aprobar a participación de sociedades, nomear ou cesar o secretario e @ director/a, aprobar os informes, allear o patrimonio, subscibir créditos, e elaborar plans anuais.

A presidencia pode ser asumida por alguén que non

é vocal, e non pode repetir unha mesma persoa máis de dous mandatos. Non se pode delegar o voto por parte dos vocais, se por causas de forza maior non puidese continuar, nomearíase o seguinte na lista da candidatura.

O presidente ten menos competencias que ata agora. Os plenos poden ser convocados pola metade dos vocais, e pódense incluír puntos na orde do día cun terzo dos vocais.

Unha cooperativa do Ribeiro resucita a aldea viñateira de Eira de Mouros

Cinco mozos de Ribadavia únense nun proxecto que inclúe vitivinicultura, horta e cría de porco celta

O último habitante de Eira de Mouros, no municipio ourensán de Ribadavia, pechou a porta da súa casa hai máis de cincuenta anos. Aquel día, toda unha aldea ficaba abandonada nun esquece-

mento de fentos e mimosas, cos seus viñedos en socalcos a ermo, e o lagar de pedra enxoiado e despezado. Iso foi ata hoxe, cando cinco membros mozos da familia Collarte-Diéguez, da parro-

quia de Santo André de Camporredondo, comezaron a facer realidade a teima de resucitar Eira de Mouros. Esta é a súa historia, e estes os seus soños tal e como nolos contaron.

Son cinco. Dúas parellas de irmáns, Adolfo e Anxo Collarte, e Diego e Álvaro Diéguez; máis outro Diéguez de nome Xabier. Todos primos, todos mozos. Aínda que algúns deles traballan no ensino, roldáballes dende hai tempo a idea de poder dedicarse profesionalmente á agricultura. A teima é hoxe unha realidade grazas a unha sociedade creada entre Adolfo e Diego para a prestación de servizos. Esta pequena empresa, de nome O Seixo, adquiriu un bo parque de maquinaria agrícola co que se dedican a facer plantacións de viñedos, traballos forestais, asesoramento en agricultura ecolóxica, etcétera. Pero este seixo é so a punta dunha inmensa e ambiciosa peneda.

O soño destes cinco mozos, constituídos en cooperativa, é o de resucitar o lugar de Eira de Mouros, onde fican os vestixios dunha aldea que, antano, tiña nove casas, un lagar, e varias hectáreas de viñado hoxe a ermo. Polo de agora, xa se fixeron coa propiedade do núcleo e de boa parte das leiras de arredor.

Os primeiros pasos do proxecto consistirán na restauración da casa máis grande para situar nela as oficinas, sala de xuntas e visitas, e mesmo un pequeno museo sobre o cultivo do viñado. Das seis hectáreas que xa teñen, unha ocúpana casas, e catro e media vanse plantar de maneira inmediata con vide, metade branca e metade tinta. Para as primeiras, elixíronse as castes Treixadura, Albariño, Loureira e Lado; para as segundas, Brancellao, Caíño e Sousón. Uns cinco ferrados ficarán como finca experimental para in-



De esquerda a dereita, Diego Diéguez, Buxo, Adolfo Collarte e Xosé Manuel González Vilas

vestigar con outras castes, a maiores, e distintos patróns, de maneira que, co tempo, poidan dilucidar que vide é a máis idónea para o microclima e solo de cada zona.

Aínda que a vitivinicultura será o centro da activi-

dade, os Collarte-Diéguez van diversificar plantando dúas hectáreas de horta e criando medio cento de porcos da raza Celta.

Polo de agora, está en marcha a empresa de servizos. Para o ano, comezarán a

plantar vides, botarán a horta e adquirirán as primeiras cabezas de porcino. Contan que nun prazo de cinco anos estea todo en activo, e que en dez poidan manter xa unha produción estábel de viño, hortalizas e carne.

Volta aos ciclos tradicionais e autosuficiencia enerxética

Tanto os viñedos, como a horta e a cría de gando porcino, rexeranse polas regras da agricultura ecolóxica. Adolfo Collarte, que foi o noso guía durante a realización desta reportaxe, explicou que "optamos pola agricultura ecolóxica porque coincide coa nosa filosofía de conservar o medio ambiente e conservarnos nós mesmos. Creemos que ten moito futuro o viño ecolóxico, xa que conseguimos unha uva de moitísima mellor calidade ca cultivada de xeito convencional que, ao levar todo tipo de fitosanitarios, pode darche máis produción en cantidade, pero a costa de minguar a

calidade. En resume, queremos ser respectuosos co medio ambiente e cos consumidores".

Froito desta filosofía é o deseño produtivo da actividade agropecuaria que van desenvolver, e que se vai alimentar a si mesma de maneira cíclica. Así, os refugallo da horta que non valían para a comercializar, complementarán a alimentación dos porcos, que se van criar con landras nunha carballeira. Ao mesmo tempo, os porcos darán o abono para adubar a horta e os viñedos. Mesmo a intención desta cooperativa pasa por ser autosuficientes no abastecemento enerxético,



Os servizos con maquinaria agrícola é outra das faces desta empresa levada adiante co pulo de xente moza

co, botando man da enerxía eólica e solar. Só en época de vendima, cando cómpre máis potencia eléctrica, utilizarán un grupo elec-

tróxico adicional. As augas procedentes da actividade da explotación serán filtradas por unha depuradora ecolóxica.

Unha herdanza vitivinícola de séculos recuperada para o novo milenio

Os vestixios de Eira de Mouros proban que o cultivo do viñado era unha tradición centenaria no lugar, mesmo con máis antigüidade que no val. Polo que se sabe, as vides da parte alta de Eira de Mouros hai máis de cen anos que se deixaron de traballar, pero aínda se conservan os socalcos e a estrutura parcelaria que proban a súa existencia. Nunha das edificacións en ruínas tamén se atopou un lagar que, segundo Anxo Collarte, que é historiador, pode ter máis de douscentos anos. A intención destes mozos pasa por restaurar todo para que fique tal e como estaba no pasado, danando o menos posíbel a pedra que xa hai, e recuperando o uso agrario das terras con respecto cara aos cultivos que se facían no pasado.

As mulleres de Nyéléni desafían ao modelo agrario capitalista

Decláranse "en loita" para reclamar o acceso á terra, á auga, ás sementes, aos créditos e á formación

As mulleres tiveron unha especial relevancia no foro sobre soberanía alimentaria de Mali. Non en van, o nome do evento, Nyéléni, é o nome propio dunha muller africana que, desafiando

os atrancos e agresións da sociedade patriarcal na que vivía, converteuse na campioa absoluta de todos os labores agrarios. Dise dela tamén que domesticou un cereal, o fonio, e que a ela

debemos tamén unha variedade de paínzo. Se cadra por iso, o primeiro día do foro, o 22 de febreiro, realizouse un encontro de mulleres dinamizado pola Marcha Mundial.

Os obxectivos do encontro de mulleres foi o de pór en común as súas opinións sobre soberanía alimentaria e acordar as súas achegas para o foro. Unha denuncia compartida por todas apuntou ao sistema capitalista como responsábel das violacións dos dereitos das mulleres. Non en van, a declaración final das mulleres que acudiron ao foro de Selingué reafirmáronse, no seu primeiro parágrafo, na vontade "de mudar o mundo capitalista e patriarcal, que dá prioridade aos intereses do mercado antes có dereito das persoas".

Esa mesma declaración destaca o papel das labregas como "creadoras históricas de coñecementos en agricultura e na alimentación, produtoras de ata o 80% dos alimentos nos países máis pobres, e gardiás da biodiversidade e das sementes de cultivo". A pesares da importancia



A primeira xornada de Nyéléni 2007 estivo protagonizada pola participación das mulleres

destas funcións "somos as máis afectadas polas políticas neoliberais e sexistas".

Abondando no anterior, a declaración prosegue de-

nunciando que "sufrimos as consecuencias dramáticas destas políticas: pobreza, acceso insuficiente aos recursos, patentes sobre organis-

mos vivos, éxodo rural e migración forzosa, guerras e todas as formas de violencia física e sexual. Os monocultivos, entre eles os emprega-

dos para os agrocarburos, así como a utilización masiva de produtos químicos e de organismos xeneticamente modificados, teñen efectos negativos no medio ambiente e na saúde humana, especialmente sobre a saúde da reprodución".

Diante desta situación, as mulleres de Nyéléni optaron por rebelarse e non "aturar a opresión das sociedades tradicionais, nin das sociedades modernas, nin do mercado", polo que se declararon "mobilizadas" e en loita "polo acceso á terra, aos territorios, á auga e ás sementes, polo acceso ao financiamento e ao equipamento agrario, polas boas condicións de traballo, polo acceso á formación e á información, pola nosa autonomía e polo dereito a decidir por nós mesmas, e tamén a participar plenamente nas instancias de toma de decisións".

O SLG colabora estreitamente co proxecto europeo Muller XXI

O pasado 25 de xaneiro, o Sindicato Labrego convocaba a comisión local de participación do Proxecto Muller XXI en Teixeira (Curtis), no marco do programa europeo Equal, e abrangendo aos concellos de Abegondo, Aranga, Bergondo, Betanzos, Cesuras, Coirós, Curtis, Irixoa, Mesía, Miño, Oza dos Ríos e Paderne.

Este proxecto Equal está liderado pola Deputación d'A Coruña e, nel, o Sindicato Labrego é unha das asociacións estratéxicas da Agrupación de Desenvolvemento da Rede XXI, cunha participación activa nas súas actuacións. O obxectivo do SLG neste proxecto é tentar avanzar na conciliación da

vida persoal, familiar e laboral das mulleres labregas mediante a posta en marcha de medidas de sensibilización e apoio como a creación de servizos de proximidade no medio rurais, a utilización de novas oportunidades de emprego que axuden a diminuír a precariedade laboral feminina, ou o apoio a empresas na busca de modelos de flexibilidade no traballo; ao tempo que se sensibiliza ás administracións públicas e demais interlocutoras e interlocutores sociais sobre conciliación e igualdade de oportunidades.

Para a extensión e execución efectiva destas actuacións, impulsáronse unha acción dirixida a motivar a re-

flexión cos/as axentes sociais, políticos e económicos da zona, organizando e mantendo as comisións locais de participación. Aquí habería que encadrar a primeira xuntanza da comisión local de participación do 25 de xaneiro en Teixeira, da que se pretendeu que fose un espazo informativo, formativo, de posta en común, control, seguimento e potenciación do intercambio de experiencias, dando visibilidade ao traballo realizado ata agora e planificando as accións do futuro.

A primeira reunión da comisión local de participación do proxecto Muller XXI contou coa presenza da



A responsábel de Servizos Sociais da Deputación, a nacionalista Margarita Vázquez, representou ao goberno provincial

deputada provincial e presidenta das áreas de Benestar e Políticas Públicas de Igualdade, Margarida Vázquez Veras; e de Carme Freire, en representación da Secretaría

das Mulleres do Sindicato Labrego, quen destacou o traballo desenvolvido durante moitos anos para defender os dereitos das mulleres labregas.

Xa se pode tramitar a devolución do imposto de hidrocarburos nos locais do Sindicato Labrego Galego

Os locais do Sindicato Labrego están a tramitar a devolución do imposto de hidrocarburos que grava o gasóleo agrícola. O importe a devolver é de 0'07871 euros por litro, e o **prazo de solicitude remata o 14 de marzo de 2007**.

Para poder tramitar esta devolución, cómpre presentar a seguinte documentación, para os consumos de gasóleo agrícola comprendidos entre o 1 de outubro de 2005 e o 30 de setembro de 2006:

■ Facturas do gasóleo nas que se incluíra o código de identificación minorista da gasoleira ou gasocentro, e nas que irá por-

menorizado o número de litros consumido.

■ Extracto bancario cos cheques do gasóleo; matrícula, marca e modelo (descrición) dos vehículos que consumiron o gasóleo agrícola.

■ Número de serie de fabricación ou de bastidor e modelo (descrición) da maquinaria non matriculada que consumiu gasóleo (por exemplo, bombas de auga, etcétera).

■ Fotocopia do NIF.

■ Identificación da entidade financeira e do código de conta bancaria (IBAN) na que se farán as transferencias das devolucións.

Novo prazo para solicitar cesións temporais da cota leiteira

O Ministerio de Agricultura publicou unha orde na que se fixa o novo prazo para presentar solicitudes de autorización de cesións temporais de cota leiteira o período 2006 / 2007. O **prazo de presentación das solicitudes remata o**

10 de marzo de 2007.

As solicitudes incluírán, como mínimo, os datos e declaracións que figuran no anexo IX do Real Decreto 347/2003, de 21 de marzo, polo que se regula o sistema de xestión da cota leiteira.

Establecemento das indemnizacións por sacrificio obrigatorio de gando

O obxecto desta orde é o establecemento das contías das indemnizacións a que teñen dereito os titulares de animais e/ou produtos sacrificados e/ou destruídos por motivo de erradicación de enfermidades animais, nomeadamente tuberculose bovina e brucelose no gando vacún, ovino e cabrún; ou encefalopatías esponxiformes transmisibles.

Para poder ter dereito ás indemnizacións establecidas nesta orde é imprescindible o cumprimento estrito da normativa en vigor sobre sanidade animal, programas de erradicación de enfermidades animais e vixilancia epidemiolóxica das encefalopatías esponxiformes transmisibles.

Máis información en calquera oficina do Sindicato Labrego.

Axudas destinadas a subvencionar o aluguer de vivendas

Asinado o contrato de arrendamento, o inquilino poderá solicitar a subvención ao aluguer regulada nel. As solicitudes de subvención para o arrendamento poderán presentarse do 1 de xaneiro ata o 10 de decembro de 2007 no rexistro da Consellaría de Vivenda e Solo ou no das súas delegacións provinciais.

No presente exercicio terán lugar procedementos de concesión de

subvención cada mes natural, de tal xeito que as solicitudes de subvención presentadas ata o día 10 de cada mes serán resoltas antes do último día do mesmo mes. **As solicitudes presentadas a partir do día 10 de cada mes serán resoltas no procedemento de concesión do mes próximo.** A concesión da subvención producirá efectos desde o día de presentación da solicitude.

Axudas para programas de xestión zootécnica no marco do Programa de Mellora Gandeira de Galiza

Esta orde establece as bases das axudas para o desenvolvemento de programas zootécnicos no gando vacún, ovino e cabrún. As fins que se pretenden acadar con esta orde son as seguintes: aumento da rendibilidade das explotacións gandeiras galegas; modernización do sector gandeiro galego en materia de produtividade, sanidade e produción animal; mellora da eficacia dos sistemas produtivos gandeiros.

Establécense axudas destinadas ás cooperativas agrarias, sociedades agrarias de transformación (SAT) que teñan como finalidade prioritaria a prestación de servizos técnicos, e asociacións de gandeiros dirixidas á realización de programas de xestión zootécnica en gando vacún, ovino e cabrún.

O **prazo** de presentación de solicitudes remata o vindeiro **27 de marzo de 2007**.

Réxime de Pagamento Único e outras axudas directas

Orde do 30 de xaneiro de 2007 pola que se regula a aplicación do réxime do pagamento único e doutros réximes de axuda directa á agricultura e gandaría, así como a indemnización compensatoria, no ano 2007. Esta orde regula as seguintes axudas:

1. A solicitude á reserva nacional e a cesión de dereitos do réxime do pagamento único (RPU).

2. O procedemento para a solicitude, tramitación e concesión dos seguintes réximes de axuda comunitarios para o ano 2007: **a)** Pagamento desligado correspondente ao RPU para os titulares de dereitos concedidos. **b)** Pagamentos ligados á produción aos produtores de cultivos herbáceos, aos de vacún e aos de ovino e cabrún. **c)** Pagamentos específicos a produtores de proteaxinosas e cultivos enerxéticos. **d)** Pagamentos adicionais aos agricultores nos sectores de gando vacún de carne e de leite.

3. Tamén se regula a utilización das terras retiradas da produción en que a superficie xustifica dereitos de retirada, para cultivar materias primas para obter produtos con destino non alimentario.

4. Así mesmo, esta orde regula a

aplicación do sistema integrado de xestión e control de determinados réximes de axuda comunitarios.

5. Tamén se establece, en relación co Sistema de Información Xeográfica de Parcelas Agrícolas (Sixpac) o tipo, lugar e prazo para a presentación das alegacións e solicitudes de modificación de certa información contida nel.

6. Así mesmo, establécense os requisitos legais de xestión e as boas condicións agrarias e ambientais que deberán cumprir os agricultores solicitantes das axudas directas da PAC, con relación á condicionalidade.

7. Tamén se regula nesta orde o procedemento para a solicitude, tramitación e concesión da indemnización compensatoria de zonas de montaña e outras zonas con dificultades.

O **prazo** para a presentación da solicitude unificada é ata o **16 de marzo de 2007**. Ademais, as solicitudes de primas ao sacrificio e as solicitudes de pagamentos adicionais á produción de carne de vacún de calidade terán catro prazos de presentación ao longo do ano. Máis información en calquera oficina do Sindicato Labrego.

Axudas para o fomento de contratación de seguros agrarios

O obxecto desta orde é establecer, no ano 2007, as axudas para o fomento da contratación dos seguros agrarios incluídos no Plan de Seguros Agrarios Combinados para o exercicio 2007. A subscrición do seguro realizarase exclusivamente a través das entidades aseguradoras autorizadas polo Ministerio de Economía e Facenda e incluídas na Agrupación Española de Entidades Aseguradoras de los Seguros Agrarios Combinados S.A.

(Agroseguro) ou a través dos axentes de seguros autorizados.

As datas de inicio e o prazo da subscrición e formalización da correspondente póliza de seguro sinálanse de forma particular para cada liña de contratación no plan anual para o ano 2007, onde constan as datas de inicio para a subscrición das pólizas do seguro de que se trate.

Máis información en calquera oficina do Sindicato Labrego.

Compra - Venda - Troco

VENDAS

Véndense

Tanque de leite e circuíto de muxido marca GASCOIGNE, de 3 puntos e lavado automático. Chamar aos números de teléfono 981 196 868 e 620 306 456

Véndense

-Tractor FIAT 130-90 turbo.
-Rotativa KUHN de 2'40.
-Sulfatadora de 800 litros.
Chamar ao 657 390 490

Véndese

Segadora BCS en bo estado. Prezo a convir. Con documentación. Chamar pola noite ao teléfono 982 154 385. Preguntar por Raúl.

Véndese

Tractor de 56 CV, con arado, fresa e remolque con guindastre. Marca ANTONIO CHARRO, modelo Supertigre 7700. Dobre tracción. Chamar polas noites ao teléfono 988 271 358

Véndense

3 sofás de sala. Un con tres prazas e dous individuais. Seis meses de uso. En bo estado. Chamar ao 619 733 289

Véndense

-Herba seca.
-Arados xemelgos.
En Santa Cristina (Cospeito). Chamar ao 982 505 798

Véndense

-Tractor NEW HOLLAND TS 90 con pa TENIAS serie 200B2.
-Picadora JOHN DEERE modelo 57.30, con cabezal KEMPER 4500.
Chamar ao 699 380 374

Véndense

-Tractor CASE IH, modelo 5150.
-Cabezal CLASS 300 para a herba.
Chamar ao 667 269 883

Véndense

-Tanque de frío de 500 litros PORTINOX.
-2 caldeiros de muxir.
Todo con moi bo uso.
Chamar ao 981 798 681

Véndense

-Bebedeiros de aceiro inoxidable.
Preguntar por Iván no teléfono 609 034 203

Véndense

70 gaiolas para coellos.
Chamar ao 620 169 531

Véndese

Angazo mecánico VICON.
Chamar ao 649 823 161

Véndense

-Encintadora de brazos.
-Enroladora.
Chamar ao 679 890 628

Véndense

-Sala de muxido marca MANUS, de 4 puntos, con medidores volumétricos e retiradores.
-Tanque de frío FONSERET de 1.050 litros, para dous muxidos.
Por abandono de actividade.
Chamar ao 620 062 581

Véndense

-Tractor JOHN DEERE 3050 de dobre tracción.
-Rotoempacadora GREENLAND.
-Encintadora CARRARO.
-Segadora rotativa PZ 190.
-Angazo mecánico PZ.
Por peche de explotación.
Chamar ao 626 039 223

Véndense

-Cisterna de 1.500 litros marca CALAGRI.
-Motosegadora BERTOLINI.
Preguntar por Lourenzo no teléfono 982 179 383

Véndense

-Grade rotativa KUHN, 3 metros.
-Poldro para os pés das vacas.
Chamar ao 669 859 647

Véndese

Colleitadora de patacas pequena.
Chamar ao 619 904 183.

Véndense

-Rulos de herba seca.
-Un silo de herba.
-Tanque de leite de 1.000 litros e 4 muxidos, marca PAKO.
Preguntar por Luís no teléfono 982 150 271

Véndese

Tanque de leite de 1.000 litros, marca TACKO.
Chamar ao 982 153 098

Véndense

-270 gaiolas para coellos, de 40x90.
-Sistema de limpeza con pas para arrastrar.
En Celanova (Ourense). Chamar polas noites ao 988 457 400

Véndense

-Sala de muxido WESFALIA con 4 puntos e 4 medidores.
-Tanque de frío de 850 litros.
Preguntar por Eloi nos teléfonos 988 425 274 e 680 744 717

Véndense

-Coche sen carné seminovo, a gasóleo, con peche centralizado e elevador de fiestras eléctrico.
-Porta basculante dobre, reforzada, con porta de entrada.
Chamar ao 653 204 315

Véndense

Becerras pintas e un poldro de dous anos e medio, cor alazán.
Preguntar por Toño no teléfono 669 237 213

Véndese

Salvado e fariña de trigo para o gando. Muíño de Laxe (Castroverde).
Chamar ao 619 176 066

Véndense

Dous invernadoiros con xeradores de aire, en Celanova (Ourense).
Preguntar por Xulio no teléfono 605 400 351

Véndese

Volkswagen GOLF IV 1.9 TDI, do ano 2002, con moitos extras e con 92.000 quilómetros.
Chamar ao 686 983 589

Véndese

Remolque agrícola na Limia (Ourense), marca PASTRANA. 13.000 quilos de capacidade, 5x2'4 metros, ballestas no piño, eixe tandem, freo hidráulico, estrutura metálica e poliéster, apertura nos tres sentidos, basculante de cinco corpos ao 45%.
Preguntar por Xosé Antonio no 650 019 275

Véndense

-Circuíto de muxido MANUS, de tres puntos.
-Tanque de frío ALFA LAVAL de 730 litros.
-Xovencas con carta.
Preguntar por Xabier no teléfono 699 396 665

Véndese

Autocargador LACASTA P 14.
Chamar ao 981 517 755

Véndese

Autocargador con documentación, marca TATO, de 16 m3.
Chamar ao 981 695 588

Véndese

Esterco de ovella en Maceda (Ourense).
Chamar aos números de teléfono 986 438 605 e 607 900 455

Véndese

Tractor JONH DEERE 2700 DT, en bo estado. Prezo a negociar.
Chamar ao 638 045 317

Véndense

-4 lamias (llantas) marca MOMO, de 5 parafusos, montadas en cubertas de coche.
-4 rodas novas de lamia do 15.
-Viño de colleita propia da zona de Paradela (Sarria).
Preguntar por Ovidio no teléfono 610 258 060

Véndense

-Rotoempacadora KRONE.
-Rotativa de 1'65.
Chamar ao 628 071 424

Véndense

-Moto KTM de 350 cc de monte, en moi bo estado.
-Honda NSR de 80 cc, de estrada, en bo estado.
Chamar aos números de teléfono 686 468 800 e 619 301 049

Véndense

Rulos de silo de herba encintados, en Mesía (A Coruña).
Chamar ao 981 694 339

Véndese

Viño da zona de Portomarín, de colleita propia.
Chamar ao 626 686 509

Véndense

Sala de muxir de catro puntos marca MIELE. Con medidores de 33 e revisada hai un mes.
Chamar ao número de teléfono 981 797 084

Véndense

Dúas porcas entre 150 e 200 quilos, criadas na casa e alimentadas con fariña e millo.
Preguntar por Álvaro no teléfono 981 691 881

Véndense

Dúas pías de pedra de 1'5 por 0'80 metros.
Chamar ao número de teléfono 981 797 548

Véndese

Barrica de viño de 100 litros de capacidade.
Chamar ao número de teléfono 982 164 103

Véndense

Dous tanques de leite de 350 e 400 litros.
Preguntar por Mariña no teléfono 981 483 144.

Véndense

Cornadizas, a bo prezo.
Preguntar por Xaime no teléfono 981 793 513

COMPRAS

Mércase

Cisterna de zurro de 6.000 litros.
Chamar aos números de teléfono 982 164 333 e 608 088 249

Mércase

Cisterna de zurro de 5.000 litros.
Preguntar por Xulio no teléfono 988 447 414

Mércase

Remolque espaxecedor de esterco.
Preguntar por Adolfo no 647 459 163

Mércase

Cisterna de 10.000 litros.
Chamar polas noites ao teléfono 618 304 983

Mércanse

Xovencas ou vacas marcadas de raza Rubia Galega.
Preguntar por Manolo no teléfono 636 891 224

Mércanse

-Sulfatadora suspendida.
-Plantadoras de patacas.
Chamar ao 981 669 250

Mércase

Remolque de tractor con tracción para modelo PASQUALI.
Chamar ao 986 666 202

OUTROS

Alúgase

Granxa de coellos de 300 nais. No lugar de Sabariz, en Rairiz de Veiga (Ourense).
Preguntar por Olga no teléfono 988 302 197

Búscase

Traballador/a para explotación de vacún de leite en Xermade (Lugo).
Chamar ao 627 950 681

Búscase

Traballador/a para explotación de ovino en Baños de Molgas.
Chamar aos números de teléfono 686 304 617 e 988 430 146

Para poder anunciarse nesta sección cómpre estar afiliad@ no SLG e comunicar o anuncio a través da súa oficina sindical máis achegada. Os anuncios publicanse durante tres números consecutivos, ao cabo dos cales quitaranse. En caso de que @ anunciante quixera seguir mantendo o seu anuncio, ou para realizar calquera modificación do mesmo, debe poñerse en contacto de novo coa súa oficina sindical para facelo.



Pura Seoane, responsábel da nova Dirección de Horta, Froita e Flor do SLG

Pura Seoane foi elixida como responsábel da Dirección de Horta, Froita e Flor do Sindicato Labrego o pasado 25 de febreiro. Unha responsabilidade máis para unha muller que rexenta unha explotación ecolóxica en Feal (San Mamede, Vedra), ten un posto de venda de hortalizas e froita na praza de abastos de Pontevedra e tres fillos e fillas. Aínda así, Pura di que "cando algo che gusta, o tempo sae. Eu ía traballar igual polo sector, estando ou non na Dirección de Horta, pois é algo que me entusiasma, polo que vou facer con agrado todo o que estea nas miñas mans".

“A nova Dirección é un paso adiante para estruturar os sectores de horta, froita e flor”

■ Que sabor de boca lle quedou do Congreso de Betanzos?

Moi bo. Como produtora de horta que son, valóroo moi entusiasmada, xa que botaba en falla unha organización dentro do Sindicato Labrego na que os produtores e produtoras deste sector estivesemos representad@s, onde podamos falar dos nosos problemas, xuntarnos tanto a nivel comarcal como nacional, e pór sobre a mesa as solucións que pensemos entre todos e todas. Isto xa se facía antes, pero máis ben cun traballo localizado en determinadas comarcas; mais, ata o de agora, nunca se organizara o sector a través dun congreso. Todo isto supón un paso adiante para estruturar o sector hortícola.

■ Na súa intervención, avogou por loitar por unhas demandas unificadas, con independencia do modelo produtivo. Por que?

Eu creo que é por aí por onde temos que tirar. Cando falamos de produtores e produtoras de horta estamos a falar de xente que ten un denominador común, que é traballar a terra, facer medrar unhas plantas e vender ese produto. A partir de aí, hai moitas demandas que compartimos.

Evidentemente, hai varias maneiras de facer horta. Eu aposto porque a forma de facelo en ecolóxico sexa cada vez máis practicada, pero creo que debemos ter claro que, agora mesmo, estamos confluindo as dúas tendencias, e haberá que seguir dando pasos para que a horta convencional vaia mudando cara a un modelo máis ecolóxico. E iso farase demandando axudas, a intervención da Administración, etcétera.

Haberá que facer moito traballo para que, polo menos, unha parte importante das nosas explotacións poidan probar con métodos ecolóxicos e comprobar que é posíbel facer horta desta

maneira. Pero para que isto se dea, deben confluír os dous modelos. Sería ridículo ter un sector de horta ecolóxico e outro convencional por separado no sindicato.

■ Cales son eses problemas e demandas comúns para o sector hortícola galego?

Eu creo que todas as demandas do sector hortícola son comúns, con independencia do modelo. Cando estamos falando de prezos, de contratos homologados, de crear infraestruturas; ou cando falamos da necesidade de ter axudas para as sementes, para os nosos produtos ou para a investigación; estamos a falar de reivindicacións para todo o sector. Por exemplo, se conseguimos plantas máis resistentes ao clima e mellor adaptadas, o beneficio será para todos e todas, esteamos en convencional ou en ecolóxico. Se temos unha garantía de prezos e unha mesa onde se poida negociar cos intermediarios para acadar un valor mínimo digno para os nosos produtos, tamén nos beneficiará a todos e todas.



Pura Seoane, en primeiro plano, guiando unha visita aos invernadoiros da súa explotación

SUSANA FORMOSO

“Un modelo sostíbel debe selo social, económica e ambientalmente”

■ Nembargante, si que se concluíu no congreso a necesidade de ir cara a un modelo sostíbel. En que consistiría?

Un modelo sostíbel debe selo non só a nivel ambiental, senón tamén dende un punto de vista económico e social. É algo que temos pendente por debater. Evidentemente, estamos a falar dun modelo que vai moito máis alá da agricultura ecolóxica, xa que esta pode ser intensiva ou promovida por grandes empresas e non valernos de nada.

Eu teño ben claro cal é ese modelo sostíbel. Creo que debe estar baseado nunha agricultura que sosteña economicamente á explotación, que non abuse dos gastos correntes e que cada vez sexa menos dependente dos gastos foráneos, que sirva para que poidamos

producir moitas persoas que queiran traballar a terra e vivir nela e, ao mesmo tempo, produzan alimentos sans dos que se poidan gabar.

■ Lidia Senra tamén sinalou que este modelo sostíbel ten que ser apoiado directamente polos poderes públicos.

Está claro que, para acadar isto, deben axudar todas as administracións. Hai moitas explotacións que traballan en convencional que non se atreven a facer un cambio repentino na súa maneira de traballar, e iso é algo perfectamente normal, pois, se cadra, teñen que enfrontarse a un ano sen ingresos que alguén lles deberá compensar. Hai unha serie de medidas que hai que poñer sobre a mesa para que isto se dea, e estas deben pasar por crear unha axuda forte.

■ Que tarefas inmediatas están anotadas na axenda de traballo da Dirección de Horta do SLG?

En principio, poñer de manifesto todo o que se acordou no congreso e facerllo chegar ás administracións, xa que temos propostas de mellora moi claras en temas como investigación, sementes, prezos ou contratos homologados. A partir de aí, haberá que facer campaña nas comarcas para que participe a afiliación de horta coas súas propostas e valoracións. Agora mesmo, estamos nun intre importante para facelo, en véspera da campaña de verán e coa mesma incerteza de sempre en materia de prezos, con independencia de que lle vendas a unha cooperativa, a un intermediario ou a unha grande superficie comercial.